

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

21221 *REAL DECRETO 2271/2004, do 3 de decembro, de regulación do acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. («BOE» 303, do 17-12-2004.)*

A Lei 53/2003, do 10 de decembro, sobre emprego público de discapacitados, modifica a disposición adicional décimo novena da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e introduce na oferta de emprego público de cada ano a reserva dunha cota non inferior ao cinco por cento das prazas ofrecidas para seren cubertas por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 por cento, de modo que este colectivo chegue a alcanzar o dous por cento dos efectivos totais da Administración do Estado, cifra que aínda dista de alcanzarse.

Por outro lado, hai que facer referencia ao novo marco xurídico derivado da promulgación e conseguinte transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 2000/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, que tamén ten entre os seus destinatarios as persoas con discapacidade, e que dispón medidas contra a discriminación e garante a igualdade efectiva de oportunidades.

Para isto se elaborou este real decreto, cuxo obxectivo é fomentar a práctica de accións positivas que favorezan a igualdade de oportunidades, sen prexuízo da igualdade de condicións de acceso que debe imperar entre os candidatos á cobertura de postos de emprego público.

Así pois, nas convocatorias de ingreso libre previstas na oferta de emprego público reservarase un cinco por cento das vacantes, e establécense como posibilidade convocar de forma independente estas prazas reservadas. Esta obriga esténdese ás convocatorias de selección de persoal temporal, ben que cunha serie de condicións e limitacións que teñen por obxecto adaptarse ás peculiaridades destas convocatorias e ao seu carácter de extraordinaria e urxente necesidade. Ademais, e para propiciar a igualdade de oportunidades tamén nos procesos de promoción, esténdese a estes a obriga de reserva.

Incorpórase a este real decreto a adopción de diversas medidas de adaptación e axustes razoables ás necesidades das persoas con discapacidade no desenvolvemento do proceso selectivo e no lugar de traballo, para garantir a igualdade de oportunidades e combater a discriminación por motivos de discapacidade na esfera do emprego público.

Nos procesos de acceso a persoal funcionario, dáse preferencia na escolla de destino aos aspirantes con discapacidade, sempre que se xustifique por razóns territoriais, de dependencia persoal ou análogas. Evitarase así que a inadecuación dun destino aos condicionamentos que a discapacidade provoca teña como resultado a non incorporación do candidato que superase as probas para un posto de traballo.

Prevese a obriga que ten a Administración de proceder á adaptación dos postos de traballo que solicite o candidato, en calquera procedemento de adxudicación de postos.

Por último, prevese, así mesmo, a aplicación doutras medidas que teñen por obxecto favorecer a integración das persoas con discapacidade, mediante a facilidade de acceso á formación, a posibilidade de realizar cursos específicos para persoas con discapacidade con especiais dificultades para se integraren no posto de traballo ou

para promoveren a postos ordinarios, ou proxectos especiais de apoio á integración.

En todo caso, a persoa con discapacidade conserva sempre a posibilidade de optar entre a quenda libre e a quenda reservada.

Na elaboración deste real decreto cumpriuse o trámite de audiencia a que se refire o artigo 24 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, e foron oídos o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade e a Comisión Superior de Persoal.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 3 de decembro de 2004,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Ámbito de aplicación e principios inspiradores.*

1. As persoas con calquera tipo de discapacidade terán dereito a acceder ao emprego público nas condicións reguladas neste real decreto. Para os efectos desta norma, enténdese por persoa con discapacidade a definida no artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, é dicir, aquelas a quen se lles recoñece un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento.

2. Este real decreto será de aplicación aos procedementos de acceso ao emprego público e provisión de postos de traballo do persoal a que se refire o artigo 1.1 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

3. O acceso das persoas con discapacidade ao emprego público a que se refire este real decreto inspirarase nos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, accesibilidade universal e compensación de desvantaxes.

CAPÍTULO II

Reserva de prazas para persoas con discapacidade

Artigo 2. *Reserva de prazas para persoas con discapacidade nas ofertas de emprego público.*

1. Nas ofertas de emprego público reservarase un cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento.

A opción a estas prazas reservadas deberase formular na solicitude de participación nas convocatorias, con declaración expresa dos interesados de que reúnen o grao de discapacidade requirido, acreditado mediante certificado expedido para o efecto polos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ou, cando for o caso, da comunidade autónoma competente.

2. As prazas reservadas para persoas con discapacidade poderán incluírse dentro das convocatorias de prazas de ingreso ordinario ou convocarse nunha quenda independente.

3. No ámbito da Administración xeral do Estado, o Ministerio de Administracións Públicas determinará o tipo de convocatoria en cada proceso selectivo.

Artigo 3. *Convocatorias ordinarias con reserva de prazas para persoas con discapacidade.*

1. O Ministerio de Administracións Públicas realizará a distribución da reserva de prazas dando preferencia e maior cota de reserva ás vacantes en corpos, escalas ou categorías cuxos integrantes normalmente desempeñen actividades compatibles en maior medida coa posible existencia dunha minusvalidez. Unha vez determinada a distribución, o número de prazas reservadas quedará recollido na correspondente convocatoria.

2. Co fin de avanzar no propósito de conseguir a igualdade de oportunidades, no suposto de que algún dos aspirantes con discapacidade que se presentase polo cota de reserva de persoas con discapacidade superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.

Se as prazas reservadas e que foron cubertas polas persoas con discapacidade non alcanzasen a taxa do tres por cento das prazas convocadas, as prazas non cubertas acumularanse á cota do cinco por cento da oferta seguinte, cun límite máximo do 10 por cento.

3. As probas selectivas terán idéntico contido para todos os aspirantes, independentemente da quenda por que se opte, sen prexuízo das adaptacións previstas no artigo 8. Durante o procedemento selectivo darase un tratamento diferenciado ás dúas quendas, no que se refire ás relacións de admitidos, os chamamentos aos exercicios e a relación de aprobados. Non obstante, ao finalizar o proceso, elaborárase unha relación única en que se incluírán todos os candidatos que superasen todas as probas selectivas, ordenados pola puntuación total obtida, con independencia da quenda por que participasen. Esta relación será a determinante para a petición e a adxudicación de destinos, excepto o previsto no artigo 9.

Artigo 4. *Convocatorias en quenda independente para persoas con discapacidade.*

No ámbito da Administración xeral do Estado, o órgano convocante poderá solicitar ao Ministerio de Administracións Públicas a realización de convocatorias independentes, non supeditadas ás ordinarias, nas cales as prazas estarán reservadas a persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento. As probas terán o mesmo contido e grao de exixencia que as que se realicen nas convocatorias ordinarias, sen prexuízo das adaptacións previstas no artigo 8. En calquera caso, os aspirantes deberán acreditar a discapacidade e o grao de minusvalidez. As prazas incluídas nestas convocatorias computaranse, en todo caso, na cota reservada na oferta de emprego público para a súa cobertura entre persoas con discapacidade.

Artigo 5. *Reserva de prazas en promoción interna.*

1. As convocatorias de probas selectivas para acceso por promoción interna a corpos, escalas ou categorías da Administración xeral do Estado que se encontren previstas no Real decreto que aproba a oferta de emprego público deberán incluír a reserva dunha cota non inferior ao cinco por cento das vacantes para seren cubertas entre persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento.

2. O Ministerio de Administracións Públicas distribuirá esta cota entre os distintos corpos, escalas ou categorías, e deberá reflectir esta reserva nas convocatorias. As prazas reservadas que fiquen desertas acumularanse ás da quenda ordinaria de promoción interna. Será de aplicación o establecido no artigo 3.3.

Artigo 6. *Reserva de prazas nas convocatorias de persoal temporal.*

1. Nas convocatorias para a cobertura de prazas por persoal temporal que inclúan fase de oposición e nas cales se convoquen 20 prazas ou máis nun mesmo ámbito de participación, reservarase unha cota non inferior ao cinco por cento das prazas neses ámbitos para seren cubertas entre persoas con discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior a 33 por cento. As prazas da cota reservada que fiquen vacantes acumularanse ás libres.

2. As adaptacións de medios que se realicen en ningún caso deberán prexudicar a necesaria urxencia e celeridade que debe rexer estes procesos. Será de aplicación o establecido no artigo 3.3.

CAPÍTULO III**Desenvolvemento dos procesos selectivos****Artigo 7. *Admisión dos aspirantes con discapacidade.***

Nos procesos selectivos para o ingreso nos corpos, escalas ou categorías da Administración xeral do Estado, as persoas con discapacidade serán admitidas en igualdade de condicións ás dos demais aspirantes.

Artigo 8. *Adaptacións e axustes razoables.*

1. Nas probas selectivas, incluíndo os cursos de formación ou períodos de prácticas, estableceranse para as persoas con discapacidade con grao de minusvalidez igual ou superior ao 33 por cento que o soliciten as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, para asegurar que as persoas con discapacidade participan en condicións de igualdade.

2. Nas convocatorias indicárase expresamente esta posibilidade, así como que os interesados deberán formular a correspondente petición concreta na solicitude de participación, na cal se reflectan as necesidades específicas que ten o candidato para acceder ao proceso de selección en igualdade de condicións.

Para tal efecto, os órganos de selección poderán requirir un informe e, se é o caso, a colaboración dos órganos técnicos da Administración laboral, sanitaria ou dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

3. A adaptación de tempos consiste na concesión dun tempo adicional para a realización dos exercicios. Mediante unha resolución conxunta dos ministerios de Administracións Públicas e de Traballo e Asuntos Sociais, estableceranse os criterios xerais para determinar esa adaptación.

4. A adaptación de medios e os axustes razoables consisten na posta ao dispor do aspirante dos medios materiais e humanos, das asistencias e apoios e das axudas técnicas e/ou tecnoloxías asistidas que precise para a realización das probas en que participe, así como na garantía da accesibilidade da información e a comunicación dos procesos e a do recinto ou espazo físico onde estas se desenvolvan.

5. Para efectos de valorar a procedencia da concesión das adaptacións solicitadas, solicitarase ao candidato o correspondente certificado ou información adicional. A adaptación non se outorgará de forma automática, senón unicamente naqueles casos en que a discapacidade garde relación directa coa proba que se vai realizar.

CAPÍTULO IV

Postos de traballo

Artigo 9. *Adxudicación de postos de traballo.*

Unha vez superado o proceso selectivo, as persoas que ingresen en corpos ou escalas de funcionarios ou categorías de persoal laboral da Administración xeral do Estado e fosen admitidos na convocatoria ordinaria con prazas reservadas para persoas con discapacidade poderán solicitar ao órgano convocante a alteración da orde de prelación para a escolla das prazas dentro do ámbito territorial que se determine na convocatoria, por motivos de dependencia persoal, dificultades de desprazamento ou outras análogas, que deberán ser debidamente acreditados. O órgano convocante decidirá a dita alteración cando se encontre debidamente xustificado, e deberá limitarse a realizar a mínima modificación na orde de prelación necesaria para posibilitar o acceso ao posto da persoa discapacitada.

Artigo 10. *Adaptación de postos.*

1. Nas solicitudes de adxudicación de destino correspondentes a probas de novo ingreso ou promoción interna e nas de participación en procesos de provisión, os empregados públicos con discapacidade poderán pedir a adaptación do posto ou dos postos de traballo correspondentes. Á solicitude deberásele xuntar un informe expedido polo órgano competente na materia, que acredite a procedencia da adaptación e a compatibilidade co desempeño das funcións que teña atribuído o posto ou os postos solicitados.

En calquera caso, a compatibilidade co desempeño das funcións propias do posto de traballo valorarase tendo en conta as adaptacións que se poidan realizar nel.

2. O ministerio ou organismo a que estea adscrito o posto de traballo será o encargado da valoración, a realización e o financiamento das adaptacións necesarias para a incorporación do empregado discapacitado, sen prexuízo das subvencións ou outro tipo de axudas que se poidan aplicar a esta finalidade.

CAPÍTULO V

Outras medidas favorecedoras da integración

Artigo 11. *Formación.*

1. Entre os criterios de valoración que se establezan para a participación nos cursos de formación de empregados públicos que realicen as organizacións do sector público estatal incluírase o de estar afectado por unha discapacidade cuxo grao de minusvalidez sexa igual ou superior ao 33 por cento.

2. Para o desenvolvemento destes cursos, realízanse as adaptacións e axustes razoables necesarios para que as persoas con discapacidade participen en condicións de igualdade nos procesos formativos. Os participantes deberán formular a petición concreta na solicitude de participación. A Administración resolverá sobre a conveniencia desa adaptación, que soamente poderá denegar cando supoña unha carga desproporcionada.

3. A Administración poderá realizar cursos de formación destinados unicamente a persoas con discapacidade. Estes cursos, que se deberán ofrecer en condicións de accesibilidade, estarán dirixidos ben á formación dos traballadores para o mellor desempeño do seu posto de traballo ben á formación para apoiar a promoción desde postos de traballo reservados para persoas con discapacidades específicas.

Artigo 12. *Colaboración e cooperación con outras entidades.*

A Administración fomentará a realización de convenios ou contratos con persoas físicas ou xurídicas, incluí-

das as asociacións representativas dos distintos tipos de discapacidade, que estean orientados á realización de proxectos de emprego con apoio ou de calquera outro tipo, sempre que a súa finalidade sexa facilitar a integración no ámbito do sector público estatal das persoas con discapacidade que presentan especiais dificultades para a plena incorporación ao posto de traballo.

Artigo 13. *Sistema de indicadores e informe balance anual.*

1. O Ministerio de Administracións Públicas establecerá un sistema de indicadores e rexistros que permita dispor de información estatística exacta, actualizada e global do acceso e ingreso de persoas con discapacidade ao emprego público.

2. Con carácter anual, o Ministerio de Administracións Públicas elaborará un informe balance en que constará toda a información e as estatísticas relevantes producidas no período sobre acceso de persoas con discapacidade ao emprego público. Este informe balance elevarase, para o seu coñecemento, á Comisión Superior de Persoal e ao Consello Nacional da Discapacidade.

Disposición adicional única. *Supletoriedade.*

Este real decreto terá carácter supletorio para o sector público non incluído no ámbito de aplicación descrito no artigo 1.2.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados os artigos 19, 26.2, 34 e 43 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 3 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Administracións Públicas,
JORDI SEVILLA SEGURA

MINISTERIO DE AGRICULTURA,
PESCA E ALIMENTACIÓN

21266 *REAL DECRETO 2320/2004, do 17 de decembro, de regulación de determinadas competencias en relación coa axuda económica comunitaria ás organizacións de produtores que constitúan un fondo operativo. («BOE» 304, do 18-12-2004.)*

O Regulamento (CE) n.º 2200/1996 do Consello, do 28 de outubro de 1996, que establece a organización común de mercados no sector das froitas e hortalizas, recolle, no seu artigo 15, que as organizacións de produtores que